



TELMO CELEIRO VÁZQUEZ

**ADESTRADOR, PSICÓLOGO E
PROPIETARIO DA ÁRTABROS
CROSSFIT**

“Ao meu bisavó, mesmo antes xa da ditadura de Franco e como a moitos galegos e galegas durante séculos, obrigárono a trocar o seu apelido”.

Nacín en 1989 e medrei entre Elviña, Monelos e A Zapateira. No 2007 marchei para Santiago estudar Psicoloxía, co propósito de aprender máis sobre a mente humana e o desexo de me especializar no eido clínico da psicoterapia e ser así de axuda para outras persoas. No en tanto, en 2012, namentres realizaba as prácticas da carreira, comecei a me formar como adestrador de CrossFit. Fundei a Ártabros CrossFit no 2014, posto que achaba que había de resultar marabilloso crear unha comunidade de persoas que se motivasen a ter unha vida máis activa, saudábel e plena. Nesta altura, compaxino ambas disciplinas facendo parte da Unidade Venres Clínicos, dispositivo de atención psicolóxica e de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, coordinando o devandito centro deportivo.

A creación da Ártabros foi unha aventura cargada de agarimo e ilusión. Alén diso, tivemos moita sorte de ter persoas que foron confiando en nós e sumando acotío para faceren da box un lugar mellor. Porén, non vou mentir, tamén houbo algún momento complicado e de me reformular certas cousas. Cando Ártabros veu ao mundo, eu contaba con 24 anos. Se agora, pasado xa o ecuador da trintena e os corenta a me axexaren, aínda son innumerábeis os eidos en que podo aprender e mellorar, naquela eran moitos máis.

O noso desexo é, dende que abrimos até que fechamos,

facer que toda persoa que entra pola porta desfrute da mellor hora do seu día. Todo vira arredor de promovermos a saúde das persoas que nos depositan a súa confianza, xerarmos relacións interpersoais positivas e que a experiencia de pertencer á nosa comunidade vaia mesmo alén do deportivo. A día de hoxe, podo dicir que unha parte importante das miñas amizades e relacións significativas son froito de Ártabros, sendo o CrossFit un punto máis de unión entre todo o que partillamos.

Así sendo, un dos eventos canónicos na coordinación do centro veu determinada pola viraxe lingüística cara ao galego. Nun centro coma o noso, en que moitos son os países e culturas que teñen representación, ao feito de utilizarmos exclusivamente a nosa lingua en toda comunicación escrita, súmase que a maioría da equipa realiza o seu labor profesional no idioma de noso, malia que hai só 3 anos o dominio do castelán era absoluto.

Son neofalante. A chamada a ser galego-falante “*a tempo completo*”, veu determinada por unha conciencia de xustiza histórica e a fonda vontade de vivir na nosa lingua propia. Na realidade, foi un camiño ao longo do tempo, mais o momento de activación tivo lugar durante a gravación dun podcast cun bo amigo meu que é catalán. Durante a mesma, preguntoume se impartiamos as aulas en galego e, pobre de min,

respondín que “*poucas, por non dicir case ningunha, porque na Coruña a xente fala pouco galego*”. Segundo me escoitaba, decateime do ignorante e obtuso da miña resposta. Quen vai falar o noso idioma, senón o facemos nós? Polo que, os tempos foron chegados, e decidín comezar esta andaina da que foi, alén de dúbida calquera, a miña mellor decisión até a data: darlle sentido á miña vida en galego.

Outro exemplo disto ten a ver coa historia familiar e a necesidade de restaurar o meu apelido. Ao meu bisavó, mesmo antes xa da ditadura de Franco e como a moitos galegos e galegas durante séculos, obrigárono a trocar o seu apelido. A súa familia apelidábase Celeiro, palabra nosa onde as haxa, mais nunha viraxe máis da historia castelanizante, no rexistro mudáronllo a “*Cillero*”. Galeguizar os nosos nomes e apelidos tamén é un acto de xustiza e reforzo da identidade.

Unir deporte e lingua é pouco habitual. En primeiro lugar, por unha inercia imperante que, infelizmente, empurra a que se lle dea prioridade ao castelán sen ningún tipo de reflexión arredor das consecuencias disto. En segundo lugar, polas políticas linguófobas que, dende o 2009, están a imperar por parte dos gobernos da Xunta. En terceiro lugar, o fracaso da normalización lingüística nas universidades galegas, entidades que están a fallar na súa función de formar o alumnado para ser quen de levar a cabo a súa práctica

profesional na lingua propia. Con esta base, é máis difícil mudar a situación e normalizar o seu uso, mais é posíbel e animo moito a facelo. A disposición da inmensa totalidade da poboación galega é positiva e apreciativa cara á nosa lingua e cultura, polo que a súa solución é algo que nos atinxe a todas nós.

